



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Manual de instalación e configuración de Autofirma Mac OS

Introdución



É unha ferramenta de escritorio con interface gráfica que permite a execución de operacións de sinatura de ficheiros locais en contornas de escritorio. Tamén pode empregarse a través de consola ou ser invocada por outras aplicacións mediante protocolo para a execución de operacións de sinatura.


Fai uso das claves privadas asociadas aos certificados do usuario e non permite que estes saían en ningún momento do almacén (tarxeta, dispositivo USB ou navegador) localizado no seu PC.

Non almacena ningún tipo de información persoal do usuario, nin fai uso de cookies nin ningún outro mecanismo para a xestión de datos de sesión. AutoFirma si almacena trazas da súa última execución a efectos de ofrecer soporte ao usuario no caso de atopar algún erro. Estas trazas de execución non conteñen ningún tipo de información persoal e a aplicación non facilita de ningunha forma o acceso a estes datos almacenados.



Autofirma

- Sinatura dixital da documentación dende a aplicación de escritorio
- Sinatura dixital dende un navegador web, por exemplo, a presentación de solicitudes ou confirmación dos datos introducidos.
- **Importante**, é preciso ter un certificado dixital cara a sinatura dixital.
- Durante a instalación, será preciso ter os navegadores pechados.



Instalación

autofirm@




A instalación debe realizala un usuario con permisos de administrador. O arquivo de instalación distribúese co nome “AutoFirma_X.E.Z.pkg”, onde X, E e Z (opcional) son os números da versión.

Para a instalación da aplicación, débese facer dobre clic sobre o ficheiro. En ocasións, ó intentar instalar a aplicación podémonos atopar cunha advertencia de seguridade a cal debemos aceptar:



Para permitir a instalación debemos acudir a “Preferencias del sistema – Seguridad”:





Instalación

autofirma@



Premer no botón “Abrir igualmente”. Dependendo a seguridade configurada no sistema operativo, pode solicitar a contrasinal de Administrador do equipo.

Posteriormente, o sistema abrirá o asistente que se encargará de realizar os pasos para seguir a correcta instalación da aplicación. Para iniciar o proceso de instalación, prememos no botón “Continuar”.





Instalación



Chegados a este punto, danos a posibilidade de ler a licenza do produto. Prememos en Continuar:

E acéptase a licenza a través do botón "Aceptar".




Instalación


autofirma@



A continuación pódese seleccionar a unidade de disco na que se debe instalar a aplicación. Unha vez seleccionada, prememos en “Instalar”. É posible que o seu MAC solicite o nome de usuario e contrasinal dun usuario con permisos de administrador.



Durante a instalación, é importante “Aceptar” as seguintes mensaxes:





Instalación



Notifícase a finalización da instalación:

Instalada Autofirma, permite trasladar o instalador á papelera ou conservar na ubicación actual:





Configurar Autofirma Root para Safari e Chrome



Para o correcto funcionamento de Autofirma é preciso deixar configurado o seu certificado de confianza SSL (Autofirma ROOT). Para iso, acudimos a “Utilidades”:


Prememos no acceso ao chaveiro do sistema:




Configurar Autofirma Root para Safari e Chrome



Localizamos o certificado de confianza SSL (Autofirma ROOT) dentro de chaveiros:




Modificamos os valores na confianza do certificado seleccionando en todos os apartados “Confiar siempre”:



Configurar Autofirma Root para Safari e Chrome





Despois de confiar e pechar a venta, solicítanos introducir as credenciais de Administrador do equipo. Unha vez feito, comprobaremos que o certificado Autofirma ROOT xa consta como certificado marcado como fiable para todos os usuarios:



Configurar Autofirma Root para Safari e Chrome



A maiores, en Chaveiros precisamos configurar o certificado “localhost”, confiando sempre todas as opcións dispoñibles. Igual que na páxina anterior, solicitámos a contrasinal de administrador do equipo.





Agora, xa teriamos o equipo listo para empregar Autofirma nos navegadores Safari e Chrome.

Configurar Autofirma Root para Mozilla Firefox



Dentro dos Axustes do navegador Mozilla Firefox, en “Privacidade & Seguridade” e “Ver Certificados” teremos unha pestana “Autoridades” onde debemos verificar se está instalado o certificado de confianza SSL (Autofirma Root). No caso que non conste no listado, acudimos a Chaveiros e facemos unha copia:





Configurar Autofirma Root para Mozilla Firefox

autofirma@




Gardamos a copia no Escritorio e Importamos no navegador:



Configurar Autofirma Root para Mozilla Firefox




Confiemos todas as opcións dispoñibles do certificado de confianza SSL (Autofirma ROOT) e prememos en “Aceptar”. Con isto, xa teriamos o equipo listo para empregar Autofirma mediante o navegador Mozilla Firefox.



Desinstalar Autofirma



Para desinstalar a aplicación soamente é necesario eliminar o cartafol que se xerou dentro do directorio “Aplicaciónes”. Para iso prememos enriba da aplicación co botón dereito e seleccionamos a opción “Trasladar a la papelera”:



Trala desinstalación, é recomendable reiniciar o MAC.



NECESITA AXUDA?

Soporte Técnico da Sede Xustiza
<https://sede.xustiza.gal/app/asistencia>



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA